

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	LENGUA CASTELLANA	Pág.	
Curso	1º curso primaria		
Profesor/a	LUIS BARREIRO CAAMAÑO		

CONTIDOS

- Afianzamento do proceso lecto-escritor.
- Masculino e feminino.
- Singular e plural.
- Sustantivos comúns.
- Escritura de oracións.
- Ampliación de vocabulario.
- O adxectivo.
- Sílabas e palabras.
- Palabras e oracións.
- O verbo: presente, pasado e futuro.
- Lectura comprensiva de textos sinxelos.
- Ampliación de vocabulario.
- Ortografía: A diérese, uso das maiúsculas, palabras con mb, mp, con br e bl.

OBXECTIVOS

- Distinguir e pronunciar tódolos sons correctamente.
- Comprender un texto axeitado a idade.
- Escoitar e comprender aos demais.
- Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario apropiado a súa idade .
- Expresarse oralmente de maneira clara.

Ler textos coa entoación, articulación, ritmo , fluidez, expresividade e seguridade necesarios.

- Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, preguntar e comprender.
- Aceptar as aportacións dos demais.
- Participar en diálogos e conversacións respectando as normas.
- Iniciarse na adquisición do hábito pola lectura.
- Utilizar os libros como medio de diversión.

METODOLOXÍA

Será activa, participativa e globalizadora, partindo do que os alumnos xa saben para chegar aos novos coñecementos e favorecendo as actitudes de respecto e colaboración cos seus compañeiros e o seu interese por aprender.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e formativa e terá en conta o progreso do alumnado, tanto nos seus procedementos como no resultado final. Tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación establecidos para este ciclo. Darase importancia á actitude do alumno ante asignatura, tendo en conta aspectos como a implicación, o interese persoal e a cooperación cos compañeiros.

Como instrumentos para avaliar detacaranse as actividades do libro de texto, fichas de formato libre e as saídas ó encerado.